

THE FLORIDA PROJECT

Título orixinal *The Florida Project* **Dirección** Sean Baker **Ano** 2017 **País** EE UU
Duración 115 min. **Guión** Sean Baker e Chris Bergoch **Fotografía** Alexis Zabe
Montaxe Sean Baker **Dirección de arte** Alexandra Tibbe **Vestuario** Fernando Rodriguez **Son** Mark Weber **Música** Lorne Balfe **Produtora** Cre Film, Freestyle Picture Company, June Pictures (EE UU) **Reparto** Willem Dafoe, Brooklynn Prince, Bria Vinaite, Caleb Landry Jones, Mela Murder, Valeria Cotto, Christopher Rivera, Macon Blair, Sandy Kane, Karren Karagulian **Distribución** Diamond Films

Sinopse Moonee soña con ir a Disneylandia, pero o máis preto que estivo é o motel barato ás aforas de Orlando (Florida), no que vive coa súa nai Halley, de 22 anos: o Magic Castle Motel. O máis parecido que Moonee ten a un pai é Bobby, o xerente do motel, un home cauto e dilixente que se mofa das pallasadas dos nenos. Halley perdeu o seu traballo, e outra nena da mesma idade que Moonee acaba de mudarse ao motel do lado. Promete ser un verán inesquecible.

Festivais e galardóns Nominada a Mellor Actor de Reparto (Willem Dafoe) nos Globos de Ouro e nos Oscar 2017 / Nominada a Mellor Actor Secundario (Willem Dafoe) nos Bafta 2017 / Nominada a Mellor Película, Actor, Actriz Novel e Premio do Público nos Gotham 2017

///

PRÓXIMAS SESIÓNS | FEBREIRO 2019

Martes 26 **BURNING**

(Lee Chang-dong, 2018, Corea do Sur, 148')

www.facebook.com/cineclubepontevedra • cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo • [instagram.com/cineclubepontevedra](https://www.instagram.com/cineclubepontevedra)

Organiza:



Coa colaboración de:



THE FLORIDA PROJECT

SEAN BAKER

CINECLUBE PONTEVEDRA

SEAN BAKER: «O SISTEMA ESTÁ PENSADO PARA CASTIGAR AS PERSOAS MÁIS VULNERABLES»

O filme está ambientado nun deses *projects*, nome que se lles dá en EE UU aos edificios para persoas con poucos recursos. Quería falar destes lugares e a partir de aí desenvolveu a historia? Comecei a investigar e vin que este tipo de edificios estaban por todas partes. O filme sucede ao carón de Orlando, mais poderíamos telo feito en calquera lugar de EE UU: Boston, New Jersey... O que ten de especial esa pequena cidade de Kissimmee é que os parques de atraccións están ao lado. Iso fai que florezan todo tipo de comercios moi relacionados con esa actividade cun aspecto moi específico: a mesmas cores brillantes, todo orientado á familia, todo moi turístico... E máis aló desa paleta de cores hai unha realidade social detrás.

Como traballou con actores e actrices tan novos? O primeiro era escoller correctamente. Con Mo'Nique tomámonos moito tempo. Queríamos a actriz perfecta e finalmente apareceu na pel de Brooklyn Prince. Custou atopala. Despois tiven que aprender a traballar con nenos porque é algo que nunca fixera e non é doado, teñen moita enerxía. Axiña me decatei de que escolleramos correctamente. A partir de aí creamos unha pequena familia para que sentisen seguridade e non tivesen vergoña. Penso que cos nenos debes traballar dun xeito moi próximo e chegar a un punto en que non só memoricen as súas liñas. Teñen que entender o seu personaxe e o que ocorre. Pedíalles que non fosen literais co guión, que se atrevesen a improvisar, e fixérono estupendamente. Especialmente Brooklyn, é unha pequena actriz marabillosa.

Quere contar o filme dende o punto de vista dos nenos? Sempre quixen rodar un filme con nenos e esta historia era fantástica para facelo por fin. Así que afondabamos no proxecto viamos que os nenos eran os protagonistas da maior parte das secuencias e ao final tratábase de ver este mundo dende a súa perspectiva. Queríamos que o público sentise que son verdadeiros amigos pasando o verán xuntos. Sempre souben que a cámara estaría ao seu nivel. Quero que o público sinta que está participando nos seus xogos, é menos observacional e máis participativo.

Podería explicar un pouco máis como conxuga ese punto de vista adulto co feito de contar a historia dende a perspectiva dos cativos? Coido que hai dúas fases. Na fase de escrita é na que te estendes. Hai moitas escenas que logo non están na montaxe final, pero que me servían para contar mellor o que estaba a acontecer. Cando estabamos na fase de montaxe e de posproducción era obvio

que o filme non funcionaba dende o punto de vista adulto. Era unha cuestión de equilibrio entre o que ensinas e o que non ensinas.

Quería reflectir unha realidade de miseria en EE UU que permanece oculta aos ollos do mundo? Os meus filmes son a miúdo respostas ao que non vexo no cinema e a televisión estadounidense. E interésanme principalmente aquelas persoas que loitan polo soño americano dende un lugar complicado, por motivos de raza, clase, sexo...

Segue existindo o soño americano? É un mito para algunhas persoas. Non se trata de quen nunca consegue acadalo, senón da xente que cae na economía paralela. Se acabas por participar dela castígaseche. Esta sociedade capitalista dicte que traballes duro para acadar o teu soño, pero hai xente que non terá nunca acceso nin sequera a pensar niso. Dinche que nunca o vas lograr se es pobre, se non tes papeis ou se delinquiches no pasado, pero castíganche se caes nesa economía paralela. A forma en que o sistema está creado castiga as persoas máis vulnerables.

Diría que é un filme realista? Penso que é realista no sentido de que estamos representando personaxes que non aparecen nos medios. Mais hai algo que, efectivamente, lle dá ese punto realista, coma esas cores moi extremas ou algúns elementos de estilo que nos apartan dun realismo estricto.

A pobreza da protagonista contrasta coa riqueza que a rodea. Quería falar dunha sociedade onde o contraste é cada vez máis acusado? Ese contraste é o que define América. Enriba destes moteis da mala morte ves anuncios de produtos carísimos que nunca poderá mercar a xente que vive neles. Semella case unha burla. Especialmente nesta área, o contraste é tan enorme que é surrealista. Por exemplo, vas pola rúa e ves un anuncio dunha ametralladora, e iso é algo que só ves no meu país. Rodamos o filme só unha semana despois da matanza no club gay Pulse e por todas partes había unha exaltación da cultura das armas.

E cal é o papel metafórico de Disney nesta historia? Realmente quero que sexa o público quen interprete esa secuencia. Non me gusta contar sobre o meu punto de vista. Non quero que o público pense nestas cousas de determinado xeito, pero creo que é obvio que é unha abstracción, non é real.

SARDÁ, J. (18 de xaneiro de 2019). Sean Baker: “El sistema está pensado para castigar a los más vulnerables”. *El Cultural*. Recuperado de: <https://elcultural.com/noticias/cine/Sean-Baker-El-sistema-esta-pensado-para-castigar-a-los-mas-vulnerables/11751>. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.